

MEDIDAS COVID 19 ACTIVIDADES DEPORTIVAS

CONCELLO
DE
VALDOVIÑO



NORMAS XERAIS

- Haberá un espazo destinado a deixar as pertencencias dos usuarios, non se poderán mezclar entre elas.
- Non se permite compartir utensilios entre os usuarios.
- Calquera material utilizado para o adestramento ou actividade deportiva, terá que ser obrigatoriamente desinfectado tras cada sesión.
- Os usuários non poderán compartir alimentos, bebidas ou similares.
- Antes de entrar e ao salir do espazo asignado limpar as mans cos hidroxeles que deberá estarán dispoñibles nos espazos habilitados ao efecto.
- Os técnicos, monitores ou adestradores deberán manter a distancia de seguridade interpersonal ou, na súa falta, utilizar máscara.
- Os maiores de 6 anos deberán utilizar a máscara durante todo o tempo de circulación entre espazos comúns salvo que haxa 1,5 metros de distancia.

ASEOS

- ❑ Cun espazo/usuario inferior a 4 m², a ocupación máxima será dunha persoa salvo naqueles supostos de persoas que poidan precisar asistencia, en cuxo caso tamén se permitirá a utilización polo seu acompañante. Nestas estancias con espazo superior a 4 m²/usuarios a ocupación máxima será do 50% con relación ao número de urinarios.
- ❑ Non se poderán utilizar para outro fin que o propio, e polo tempo imprescindible
- ❑ O aseo deberá ter dúas limpezaas ao día.

INDICACIONES PREVENTIVAS

- Os nenos que participen deberán cambiarse de calzado ao entrar no Polideportivo, será o mesmo calzado para todo o campus e non se pode utilizar para outra actividade, deberá vir lavado e desinfectado previamente.
- A organización poderá comprobará a temperatura de nenos e técnicos á entrada do recinto.
- Os titores dos país deberán asinar unha declaración responsable (ANEXO I) e medir a temperatura ao saír da casa. Se a temperatura é maior de 37 graos non poden asistir á actividade.
- Os monitores deberán asinar unha declaración responsable e medir a temperatura, se está fora maior de 37 grados deberán suspender a actividade.
- Os titores non poderán acceder a pista polideportivo.
- A saída dos nenos e nenas será escalonada

REXISTRO DE MENORES

As familias deberán asinar un documento de identificación voluntaria ante a autoridade sanitaria (ANEXO I).

SINALIZACIÓN NO RECINTO

No recinto deberá constar as seguintes indicacións:

- Utiliza máscara sempre que sexa posible.
- Utiliza o xel.
- Non compartas obxectos nin comida.
- Mantén a distancia de seguridade.
- Sigue as nosas indicacións.

CREACIÓN DE GRUPOS

- O Decreto 50/2000 (Título II, Capítulo II e artigo 47) fixa a ratio mínima para as actividades de tempo libre en 1 monitor/a para cada 10 participantes. Tendo en conta a situación actual, onde se deben extremar as precaucións e levar un control máis exhaustivo dos grupos, é recomendable que se adopte unha ratio máis reforzada, de cando menos 1 monitor/a por cada 7 rapaces e rapazas no caso de que as persoas participantes teñan idades inferiores aos 9 anos.
- No caso de participación de nenos/as ou mozos/as con discapacidade na actividade, reforzaranse as ratios de atención se se considera necesario e prestarase especial atención ás medidas de prevención e hixiénico- sanitarias de carácter persoal, tendo en conta aqueles supostos que eximen da obrigatoriedade de portar máscara por parte da persoa con discapacidade.

TENIS

- ❑ Manter unha distancia recomendable de 1,5 m. x 1,5 m. metros entre persoas.
- ❑ Antes de entrar na pista de tenis, limpar as mans cos hidroxeles.
- ❑ Os deportistas deberán utilizar máscara nos espazos comúns entre instalacións.
- ❑ Os técnicos deberán utilizar obrigatoriamente máscara sempre que non poidan garantir unha distancia mínima de 1,5 metros.
- ❑ Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase nas zonas habilitadas para iso. (Bancos das pistas).
- ❑ Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas.
- ❑ Ao finalizar a sesión recoller todo o material propio do deportista da pista de tenis.
- ❑ Limpar as mans co hidroxel que antes de abandonar a pista.

ATLETISMO

- Antes de entrar na pista de atletismo, limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo, na bancada.
- Os deportistas deberán utilizar máscara nos espazos comúns entre instalacións.
- Os técnicos deberán utilizar obrigatoriamente máscara sempre que non poidan garantir unha distancia mínima de 1,5 metros.
- Todo o material ou roupa dos usuarios deixarase nas bancadas da pista nas zonas habilitadas para iso.
- Uso individual de botellas de auga ou bebidas isotónicas.
- Ao finalizar o uso dos diferentes elementos utilizados (valos, anciños, tacos, etc...,) límpalos cos produtos desinfectantes existentes na bancada.
- Ao finalizar a sesión recoller todo o material propio do deportista da pista de atletismo.
- Limpar as mans co hidroxel que hai na entrada á pista de atletismo, antes de abandonar a instalación.

TIRO CON ARCO

- En espazos abertos e en pequenos grupos que permitan manter a distancia de seguridade de 1,5 mts. sen uso de máscaras nese caso.
- Sinalizar o lugar de espera ca debida separación con conos ou similares
- Tras o emprego do material deberá ser desinfectado antes de ser utilizado por novos participantes na actividade
- Antes de entrar na pista, limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo, na bancada.

MULTIDEPORTE

- Tras o emprego do material deberá ser desinfectado antes de ser utilizado por novos participantes na actividade
- Antes de entrar na pista, limpar as mans cos hidroxeles que hai na entrada do mesmo, na bancada.
- En espazos abertos e en pequenos grupos que permitan manter a distancia de seguridade de 1,5 mts. sen uso de máscaras nese caso
- Adaptación de xogos seguindo o modelo do anexo ii

MEDIDAS INDIVIDUAIS QUE O MONITORADO DEBERÁ REFORZAR

- O uso de guantes non é recomendable de xeito xeneralizado, só para casos particulares, como a manipulación de alimentos que van ser consumidos en cru, por exemplo.
- Ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.
- Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Non compartir roupa ou calzado con outras persoas.
- Recoller a roupa sucia e gardala nunha bolsa pechada, evitando sacudila e realizar a correcta hixiene de mans tras realizar esta tarefa.

DESINFECCIÓN AO FINAL DA XORNADA

- Ao rematar a xornada a pista e todos os elementos deberán desinfectarse con lixivia (disolución 1:50) ou outros materiais virucidas.
- Será mediante un sistema de sulfatado.
- Deberá ser ao remate do día.

Actuación ante un caso de COVID 19

1º Contactar coa técnica de deportes que contactará coa Xefatura Territorial de Sanidade correspondente se existise algún abrocho ou algún caso de sospeita para coordinar as medidas de control deste. •

- Ante a manifestación de síntomas relacionados coa COVID-19 por parte dos nenos e nenas participantes na actividade, será necesario que comuniquen esta circunstancia canto antes ao monitor encargado do grupo, que será o encargado de poñer en marcha, xunto coa persoa coordinadora COVID19, o oportuno protocolo de illamento.
- Deste xeito, a persoa participante que presente este tipo de síntomas deberá ser trasladada a un lugar illado, no que deberá permanecer e portar máscara cirúrxica.
- Unha vez confirme os síntomas deberá poñerse en contacto co número de teléfono 900 400 116, ou 061 no caso de existir sintomatoloxía severa, para trasladar toda a información do caso e esperar instrucións; así como á Xefatura Territorial de Sanidade correspondente.
- Así mesmo, avisarase tamén ao pai/nai/titor legal da persoa participante, aos que se terá plenamente informados do avance da situación, así como da decisión que finalmente tomen as autoridades sanitarias.
- O persoal monitor encargado encargarse de revisar o círculo de contactos estreito do grupo do neno/a posible afectado/a, co fin de facilitar a actuación da Xefatura Territorial de Sanidade e seguindo sempre as súas instrucións.
- Mentres non se descarte que se trata dun caso infeccioso por COVID-19, procurarase que os seus posibles contactos estreitos teñan a menor interacción posible co resto dos participantes.
- A maiores das pautas anteriores, en todo momento seguiranse as indicacións das autoridades sanitarias competentes, que serán as que tomen as decisións precisas para protexer a saúde das persoas participantes na actividade.
- Así mesmo, e ademais de contar coas pertinentes e habituais autorizacións, é recomendable avisar aos servizos médicos da zona se se realiza unha actividade que supoña un desprazamento numeroso de persoas participantes, sobre todo cando estas sexan de fóra do concello onde terá lugar a acción.

FLUXOGRAMA DE DECISIÓN EN CASO DE SOSPECHA DE CONTAXIO

